César Candelas Colodrón, *O Cronicón de Hidacio, bispo de Chaves*, Noia, Toxosoutos, 2004 (Serie Trivium 13).
José Antonio López Silva, *A Crónica de Idacio da Limia, bispo de Chaves*, Deputación Provincial de Ourense, 2004.

Á curiosa circunstancia de que a *Crónica* de Hidacio, de interese xeográfico moi localizado, coñecese ata o momento tradución a varias linguas europeas, mais non ao galego, vén de sumarse agora a feliz casualidade da publicación simultánea de dous traballos que corrixen esa deficiencia. Os dous comparten algunhas características en común –abordan en senllos estudos introdutorios os aspectos fundamentais sobre o autor e a súa obra e as traducións están feitas sobre a edición máis recente do texto latino, a de Burgess–, mais son complementarios.

O traballo de C. Candelas, de corte basicamente histórico, presenta a tradución da *Crónica*, precedida dun estudo preliminar en que, tras unha Introdución (pp. 9-13) adicada ás publicacións máis significativas dos últimos decenios sobre a materia, aborda os aspectos biográficos e a actividade política e relixiosa de Hidacio en dous apartados, "O xove Hidacio" e "Hidacio bispo". Canto á biografía, os datos que achega son os xa coñecidos, e extraídos da propia *Crónica*, pero ofrece as interpretacións máis recentes e, sobre todo, chama a atención sobre os prexuízos ideolóxicos de certos traballos, como os de C. Torres.

A parte mais novidosa é a que se refire á etapa do episcopado do autor, con epígrafes adicadas ao contexto xeográfico-histórico, ao papel de Chaves como centro de poder independente, a Hidacio como líder da comunidade e á ideoloxía hidaciana. Neste último apartado insiste Candelas no perfil pouco "belixerante" que dos bárbaros dá Hidacio e nos seus posibles vínculos coa familia de Teodosio. Bótase en falta neste lugar unha mención ou unha valoración da caracterización que algúns traballos fixeron do autor como protonacionalista galaico, coa que Candelas parece mostrarse de acordo na Introdución (p. 11).

O traballo de López Silva é de mais ampla aspiración e combina a orientación histórica cunha rigorosa análise filolóxica, sen fuxir da toma de partido a propósito dos aspectos mais discutidos da obra. A introdución está dividida en dous apartados, adicados ao contexto histórico e biográfico de Hidacio e á propia *Crónica*, respectivamente. No aspecto biográfico proporciona os mesmos datos que a publica-

ción precedente, ocupándose de cuestións coma o lugar de nacemento do autor, a súa viaxe a Oriente e vida política. O estudo da *Crónica* está focado desde o punto de vista do xénero literario a que pertenece, cunha análise pormenorizada da tradición que arranca de Eusebio e Xerome. O tradutor coñece moi ben os traballos existentes sobre a materia e fai unha valoración crítica das súas aportacións, sobre todo en aspectos sometidos a discusión, coma o problema do universalismo e o localismo. O punto de vista que adopta o tradutor nalgunhas cuestións en que non é doado manter a equidistancia entre extremos, é sempre ponderado, lonxe de sentimentalismos ou de divulgacións superficiais.

A tradución vai acompañada dun amplísimo comentario histórico, a que seguen o texto latino de Burgess e mais unha recompilación bibliográfica, tan exhaustiva como excesiva, pois, ao lado de obras de consulta imprescindible, contén referencias moi marxinais ou apenas relacionadas co tema obxecto de estudo. Cerra o volume unha reprodución facsimilar da tradución ao castelán feita por Marcelo Macías e publicada no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*. Son dous acertos o feito de incluír o texto latino, aínda que sería de consulta mais cómoda se estivese presentado en páxinas enfrontadas coa tradución, e o de reproducir o traballo de Macías, de difícil acceso, mesmo para o especialista. En resumo, un libro completísimo, que vai ser de cita obrigatoria para quen volva sobre a *Crónica* hidaciana.

As dúas traducións son correctas e mesmo elegantes, se temos en conta as limitacións do propio texto latino, incardinado nun xénero, en xeral, aliterario. Neste sentido, o prefacio da *Crónica*, de carácter moi retórico, con períodos difíciles e mesmo ás veces susceptible de ser interpretado en sentidos diversos, contrasta notablemente co carácter esquemático da parte propiamente histórica. E é nel onde se poñen de manifesto os problemas de calquera tradutor. Seleccionarei algúns exemplos significativos das traducións de Candelas e López Silva, comezando polo inicio do citado prefacio: *HVCVSQVE A SANCTO HIERONIMO ET IPSO, SICVT IN CAPITE ISTIVS uoluminis praefatio prima declarat, cognomine Eusebio historia in aliquantis Hispaniarum prouinciis conscripta retinetur; cui siquid postea subididit in locis quibus deguit, certo stili studio declaratur*. Hidacio, como farán despois outros continuadores do mesmo corpus cronístico, deixa constancia explícita de que ata ese punto chegaba a obra escrita por Xerome, que recibiu tamén o sobrenome de 'Eusebio', *sicut in capite istius voluminis praefatio prima declarat*. Hai que pór en relación esta frase co verdadeiro carácter do texto hidaciano, en que tanto insistiu P. Nautin e acertadamente enfatizado por López Silva, o de ser unha continuación da *Crónica* de Eusebio-Xerome. A única interpretación posible é que *in capite istius uoluminis* se refire ao volume que contiña a *Crónica* de Xerome, que no prefacio indicaba o nome e o sobrenome de seu autor. Así intenta reflectilo a tradución de C. Candelas, "Ata aquí a historia conservada nalgunhas provincias

de Hispania e escrita por San Xerome, tamén coñecido, tal e como se sinala na introducción ó inicio deste libro polo alcume de Eusebio". A tradución de López Silva, en cambio, resulta máis problemática, "Ata aquí está escrita a historia do santo Xerome, de sobrenome Eusebio, conservada nalgunhas partes de Hispania, segundo declara o primeiro prefacio deste libro". Tal formulación deforma o sentido do texto ata facelo dificilmente comprensible, ao romper a asociación entre o que se afirma ('de sobrenome Eusebio') e o lugar onde se afirma ('segundo declara ... libro'). Unha simple variación de orde de palabras bastaría para restablecer o verdadeiro sentido do texto: "Ata aquí está escrita a historia, conservada nalgunhas provincias de Hispania, do santo Xerome, de sobrenome Eusebio, segundo declara o primeiro prefacio deste libro".

A frase seguinte do mesmo prefacio tampouco está exenta de problemas, ata o punto de que dá a impresión de que ningún dos dous tradutores se sentiu cómodo perante a enigmática frase *siquid ... declaratur*: "se lle engadiu algo despois nos sitios onde viviu, ponse de manifesto nun preciso estudio da súa obra" (Candelas) / "Se nos lugares onde viviu lle engadiu algo máis, certamente iso quedaría declarado pola súa obra literaria" (López Silva). O parágrafo presenta problemas interpretativos. Hidacio deixa no aire a dúbida sobre a existencia dalgunha versión da obra de Xerome máis completa que a que el continúa, é dicir, presenta a posibilidade de que o autor continuase a súa tarefa nos lugares en que viviu. Que quere dicir *certo stili studio declaratur*? Ao meu xuízo, estamos diante dunha pregunta retórica, para a que se desprende do texto unha resposta afirmativa: "se despois lle engadiu algo ... dedúcese da súa afición certa pola escritura". O inicio do parágrafo 4 reforza esta interpretación, *Esto ut in sanctis quibus deguit Hierosolimorum locis ... forte quam plurima de his que sunt insecuta subiecerit, quia aud umquam, dum ualuit, a diuerso stili opere cessauit* (tradución na p. 67 Candelas, onde hai un erro de numeración do parágrafo, e na p. 68 López Silva).

Na continuación do mesmo parágrafo 4, a tradución de López Silva presenta certas dificultades. O texto latino di o seguinte: *Si tum proprio operi quod subdidit aliqua subiunxerit, apud eos, ad quos scriptorum eius omne opus uel summa peruenit, certa et plena cognitio est*. Hidacio afirma claramente que só aqueles aos que chegou a obra completa de Xerome ou unha suma dela teñen certeza plena sobre a existencia ou non de adicións ulteriores do autor. López Silva parece non decatarse disto e transforma unha afirmación rotunda en dúbida (ou en interrogación retórica con resposta negativa?): "Se entón tivera engadido algo máis a esta continuación da súa propia obra, existiría o coñecemento certo e pleno disto entre aqueles ós que lles chegou todo o conxunto dos seus escritos ou unha gran parte deles".

Canto á tradución, á marxe destes exemplos illados, que atopan fácil explicación polas propias características dun texto que admite interpretacións diversas, o traballo de C. Candelas presenta un reparo serio na tradución das datas do mes. Entre

manter o sistema de datación latino, facendo referencia ás calendas, nonas ou idus –como fai, por exemplo, López Silva– ou utilizar o sistema de equivalencias no calendario actual, é preferible o segundo, dado que, para un potencial lector non informado sobre o modo de datar en latín, facer referencia ás calendas, nonas ou idus non lle permite entender o texto. Candelas trata de evitar o problema dando as dúas (a do calendario actual entre paréntese), mais a forma de se referir á datación propiamente latina é aberrante. Datas como "na 13ª calenda de Agosto (19 de Xullo)" (p. 75), "na 14ª calenda de Novembro (19 de Outubro)" (p. 81), "na 5ª calenda de Xuño (25 de Maio)" (p. 90) ou "na 6ª nona de marzo (2 de Marzo)" (p. 92) son só algunhas mostras do que non debe facerse. A "13ª calenda de Agosto" é un día do mes de Agosto ou de Xullo? Un lector medio tería moitas dificultades para sabelo. En lugar desas referencias tan confusas (e erróneas, porque as calendas eran o día primeiro de cada mes, e non había varias ao longo del), tería que dicir "o día 13 antes das calendas de Agosto (19 de Xullo)", "o día 14 antes das calendas de Novembro (19 de Outubro)", "o día 5 antes das calendas de Xuño (25 de Maio)" ou "o día 6 antes das nonas de Marzo (2 de Marzo)", ou ben dar unicamente a referencia actual. O lector ben merece que non se lle compliquen as cousas innecesariamente.

O libro de López Silva, pola súa parte, presenta, desde o punto de vista formal, algún lapso no galego, fácilmente explicable polo estado aínda magmático da lingua, e ofrece na introdución os termos gregos sen os signos gráficos de espíritos e acentos, deficiencia que se tería evitado recorrendo a conxuntos de caracteres que conteñen tales signos.

Á marxe das suxestións, que non críticas, ata aquí citadas, cabe felicitar aos tradutores por dous magníficos traballos que actualizan un texto por veces problemático, pero fundamental para a historia da Gallaecia da Antigüidade Tardía.

Arsenio Ferraces